


PROXECTO DE ACTIVIDADE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**



Clube de Montaña Xistra

XXIV DESCENSO DE BARRANCOS

Río Carcerelha

8 xullo 2018

Clube de Montaña Xistra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**Deputación
Pontevedra**

**CONCELLO
DE VIGO**



FEDME
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DEPORTES
DE MONTAÑA Y ESCALADA



Vigo, 1 de xuño de 2018

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidaros o **XXIV Descenso Galego de Barrancos da FGM**, que este ano temos a honra de organizar.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vosos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade.

PROGRAMA

Día 7 – Posible recepción e durmida no refuxio federativo de Albite.
[Prezo 5€/noite].

Día 8 – Actividade oficial.

- 7:30h: Recollida e limpeza.
- 8:00h: Agrupamento de participantes en Lobios.
- 8:15h - 9:45h: Aproximación e inicio barranco.
- 15:00h Xantar (opcional). [O prezo será aproximadamente uns 15€]
- 17h: Clausura actividade.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

É necesario levar provisións para comer durante o descenso.

Material obrigatorio para realizar a actividade: casco, neopreno, calzado adecuado á actividade, arnés, 3 mosquetóns (MÍNIMO 1 HMS e 2 máis que poden ser sen seguro), cabo de ancoraxe dobre e oito.

ATENCIÓN: QUEN NON LEVE ESTE MATERIAL INDIVIDUAL NON PODERÁ FACER A ACTIVIDADE. NON HAI ESCUSAS.

IMPORTANTE:

NESTA ACTIVIDADE HABERÁ UN NÚMERO MÁXIMO DE ASISTENTES. A ORGANIZACIÓN INDICARÁ O MÁXIMO UNS DÍAS PREVIOS Ó DESCENSO E SERÁ EN FUNCIÓN DA CANTIDADE DE GUÍAS-ORGANIZADORES QUE ESTEAN DISPOÑIBLES DURANTE O EVENTO.

NOTA: A ORGANIZACIÓN ESTÁ REVISANDO O PERCORRIDO. OS RESPONSABLES PODERÁN CAMBIAR O LUGAR E DATA DO EVENTO POR MOTIVOS DE SEGURIDADE.

REGULAMENTO

1. Esta actividade terá lugar o día **8 de xullo de 2018**. O lugar e a data do descenso poderán mudar en función do caudal do río, de cuestións de seguridade e doutras consideracións da Organización.
2. Poderán participar unicamente montañeiros federados con licenza deportiva FEDME B OU SUPERIOR que cubra esta actividade, coa experiencia mínima necesaria e que mostren condicións físicas adecuadas.
3. Os deportistas deberán ir **provistos do material e prendas adecuadas** para a actividade: neopreno ou prendas aptas para a auga, casco, arnés, oíto, comida para o descenso e demais material da actividade.
4. A organización poderá **vetar a participación de calquera deportista** que non cumpra dos puntos 2 e 3, cuestión que non exime ós participantes da súa responsabilidade persoal e total se son admitidos.
5. O material colectivo levarao a Organización.
6. As inscricións efectuaranse exclusivamente no formulario dispoñible na Web do Clube de Montaña Xistra www.xistra.org, antes das **21:00h** do día **4 de xullo (mércores)**.
7. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de **obrigado cumprimento**.
8. Os participantes comprométese a seren respectuosos ó máximo co entorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
9. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.
10. **SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.**

ATENCIÓN : O NÚMERO DE INSCRICIÓN É REDUCIDO, E SERÁN SÓ ACEPTADAS AS QUE ESTEAN REALIZADAS A TRAVÉS DO FORMULARIO WEB DE XISTRA.

Máis datos e inscricións en :

<http://xistra.org/barranquismo-rio-carcerella-2018/>

Vigo, a 1 de xuño de 2018

